

CANDO CHEGUE O DÍA E AS MONTAÑAS ESPERTEN

MAMÁ

Casaquistán podería ter sido un país coma outro calquera dos que romperon cando a Unión Soviética esfarelou coma un nobelo en mans dun gato fedello. Podería ter sido un país coma outro calquera, si. Pero era o meu país.

Os meus pais, os avós de Tili, eran de orixe rusa, eu falaba ruso, e tamén non era musulmá. Pero era casaca, tanto como a que máis.

Aquí tanto ten se son dun lugar ou outro de Casaquistán, dunha etnia ou outra, se teño afecto por un territorio tan remoto e os seus costumes, ou se podo ler as obras máis interesantes da literatura na súa lingua orixinal. Só son a Rusa. Nunca contradigo a quen o diga. Que importa. E máis agora sei que todo importa.

E importa porque ata que non marchei do meu país cunha filla de seis anos, case sete, da man, nunca escoitara falar de leis homófobas, nin de liberdade amorosa, nin de elección sexual. Todo estaba pautado na miña mocidade, ata o amor, ata o sexo.

Casei co pai de Tili porque era o que había que facer, polo partido, que na miña familia criamos no socialismo sen físgoas nin inquedaanza ningunha, era o normal, era o que sempre houbera, toda a vida. E tiveron un bebé, Tili, porque era o que había que facer. Nunca sentín ningún tipo de paixón afectiva por el nin por home ningún. Tampouco o odiaba, se somos xustas.

Chameina Tili porque nacera a carón do río Tili, un regato que chegaba ao Ishim tras darme a súa auga en forma de fontes preto da nosa casa das afóras de Astaná. Ninguén aquí escoitou falar nunca do río Tili, e tampouco do Ishim, con ser máis grande. E aínda a maioría, exceptuando á rapazada de secundaria que memoriza as capitais, escoitaron falar de Astaná. E hai décadas nin iso, cando a capital era outra cidade casaca. Xa nin vou amentar o seu nome. Que importa.

Pero de aí provén o nome de Tili. A auga que saciou a miña sede de afectos. A miña filla.

Por Tili marchei do país despois de deixarlle ao seu pai unha carta. Faláramos moitas veces de que se un día marchaba non llo diría ata que o consumase. Pois tal fixen. El nunca nos buscou, e sei polos meus pais, cos que teño contacto, que morreu dun caro cardíaco provocado por un coma etílico ao ano de nós marchar. Lembrei que bebía moito, que era o normal, tamén. Pero nin sequera me puxen triste, e por iso sei que nunca o quixera. Aínda que me dou a Tili. Talvez por iso inventei para ela un pai-heroe, morto no cárcere nun país opresor que castigaba as ideas das xentes. Era moito máis sinxelo que contarlle a verdade, que o abandonara porque non sentía amor por el, que buscaba algo grande para ela.

Por que vir a España e non a Alemaña, a onde fuxen a maioría dos meus compatriotas? Porque era unha opción tan boa coma outra calquera, e porque aproveitei unha bolsa de estancia no país promovida polo goberno casaco, que solicitara sen comentarllo ao meu home tras rematar os meus estudos universitarios de lingua e literatura hispanas. E para iso foi para o que me valeu a literatura: para fuxir. O país rompía, e quería para Tili un futuro mellor que o meu presente, tan gris. Un futuro de cores. Irisado.

Traballei de forma ilegal uns anos, coidando que co tempo regularizaría a miña situación e podería traballar de profesora, talvez. Para cando a din regularizado, xa estaba lonxe de cumprir o meu soño, inserida na molición do traballo diario na costura. Que ironía. Sigo cosendo neste país como cosía a miña nai no outro, que dela aprendín o que sei de tecidos, e padróns, e puntos, e ela aprendeuno da súa, como unha maldición de sangue que non puidera abandonar a miña familia. A Tili nunca quixen aprenderlle a coser.

IRIA

O último ano de instituto é unha época complicada para a maioría da xente. Para min, foi o momento no que dúbida da miña capacidade normal de amar, porque con dezasete anos sentaba soa de carambola, dado que ningunha das miñas amigas cursaba o mesmo Bacharelato ca min, e acabei o curso á par de dous rapaces aos que chamaban os Manus, porque os dous compartían nome, e tamén os Frikis cando ser friki era non só algo raro e extraordinario, mesmo chachi: ser friki significaba pertencer ao bando dos perdedores. Encantábame esa posición de estar nos de fóra. E gustábame estar con eles. Gustábame algo deste, algo daquel, ría cos dous e coas súas ocorrencias. Un dos Manus era tímido e dunha beleza estraña, o outro Manu era máis ben feo pero de conversa brillante. Sabía que sentía amor ao sentar con eles, pero cara a cal dos dous? Podíase amar a dúas persoas? Decidín que non. E soterrei ese amor. Soterreino con Tili.

Só sabía de Tili o que contaban. Que vivira cousas horribles no seu país, un país dos que ninguén sabe colocar nun mapa e rematan en “están”, que eu case non era quen de imaxinar. Sen coñecela, admirábaa por iso. Ademais de porque era loura, de ollos claros, guapísima. Cando chegou, todos os rapaces, agás os Manus, lle andaban ao rabo, pero ela non amizaba con ninguén, como se os nosos dramas de adolescentes do cambio de século non lle importasen. Como se vivise por riba deles, ou á marxe, en realidade. Estaba moi apegada á súa nai porque o pai quedara atrás para que elas fuxisen e o encarceraran. Era moi reservada, así que nunca falara con ela ata o día en que perdín o bus.

Malia que Tili vivía preto do instituto, agardou comigo mentres non viñan recollerme, porque chovía e ela tiña paraugas e eu non, e falamos. Eu conteille que tiña un cachorro, era algo do que todo o instituto estaba ao tanto agás ela; con todo, cando llo dixen, sorriu. Gustábanlle moito os animais. E así amizamos. Acabei sentada con ela nas clases de galego, e logo nas de inglés. Eu axudábaa co galego e ela a min co inglés. Os Manus estaban felices por min porque, ao marchar con Tili, deixara atrás o bando dos perdedores. Logo, chegou a universidade e non souben máis dela en moito tempo. Ao cabo, tiña un grupo de amigas desde primaria. Tili era só unha amiga de clase.

A universidade é unha época curiosa, onde o teu vello mundo esfarela e constrúes un novo. Fixen novas amigas. Tamén novos amigos. Un deles acosoume, e collinlle xenreira aos homes. Pensei que ese feito me marcara especialmente pero, botando a vista atrás, vexo que non foi así. Porque, mentres escribo isto e imaxino a alguén lendo o que describo, nin sequera penso en poñerlle un nome, verdadeiro ou falso. Xa non importa. O único que importa e que, xunto coa xenreira aos homes, collinlle xenreira ao novo mundo que construíra na universidade, e quixen volver ao vello, ás miñas amigas de primaria. Non puido ser. O meu vello mundo esfarelala. E as amigas de primaria, malia seguir mantendo a amizade, sentíaas lonxe, coas súas propias illas universitarias, con amigos que non decidiran acosalas. Foi unha época caótica e deprimente, pero ás veces necesitas desfacerse para volver a inventarte. Así me ocorreu a min.

Un día, cando baixei do bus da universidade, volví atopar a Tili, e volvemos falar. Sentín que con ela non pasara o tempo, e gustoume a sensación. Falamos moito. Primeiro de xente do instituto, pero logo descubrín que podía falarlle de todo. Tili escoitábame. Díxenlle que odiaba aos homes porque un me acosara, e Tili riu. Que eu non sabía o que era odiar, seica. Que ela odiaba a todo un país porque encarceraran nel ao seu pai. Tili nunca me contara nada tan persoal, e impresionoume. Así foi que comezamos a quedar os sábados.

Tili era moi madura por todo o que padecera, e con ela sentíame segura. Tampouco moceaba, porque non lle interesaba a xente, así en xeral. Pero aplicárase moito na carreira de Dereito e ADE e xa conseguira un traballo cun avogado. Eu seguía coa carreira ás voltas. Que non me acababa de gustar. Supoño que tampouco me gustaba coincidir en clase co meu acosador. Tili convenceume de buscar algo que me realizase máis, e fíxenlle caso. Deixei a carreira de tradución e empecei coa interpretación. Sempre me gustara actuar, evadirme de min mesma, deixar de ser eu para converterme noutra persoa. Igual está mal que o diga, pero son boa actriz.

Por esa afección miña, encantábame o cinema, pero había moito que non pisaba unha sala porque o grupo de universidade boh, e as amigas da primaria bah. Por sorte, Tili estaba aí. Ao plan dos sábados engadimos a miúdo o cinema, e desde que vimos *Avatar* empezou a saudarme como a protagonista azul: “Te-veo”. Véxote. Ela víame. Sabía como era. E encantábame tamén pasear con Tili actuando, imaxinando que eramos dúas amigas xubiladas e elegantes, coñecidas de sempre, “Te-veo”, que falabamos das nosas cousas, aínda que tiñamos menos de trinta anos. Que elegante era Tili. Que madura e responsable. Eu quería ser Tili, e sentir que non me importaba máis nada que pasear de xeito elegante e maduro. Tan responsable que non amosaba ningún interese no xénero humano e, en concreto, ningún interese sentimental. Que iso aínda me doía, por pouco que o pensase, das amigas de primaria que me deixaran soa na universidade ante un acosador só porque estaban ocupadas moceando.

Daquela non o sabía, pero a ferida proía porque estaba curando. E eu empezaba a sorprendeme prestándolle atención aos corpos canón superchulazos que nos adiantaban apurados nos nosos paseos de xubiladas. Cando se me ocorreu comentarlle a Tili que aquel rapaz mira que bo tipo tiña, ela só comentou que xa eramos demasiado vellas para atopar mozo e formar unha familia e cambiou de tema.

Nese intre non fun consciente de que algo empezara a separarme de Tili tras aquela sentenza mais, sen decatarme, a partir de aí empecei a diminuír o número de sábados en que nos citábamos, aínda a custe de deixar de representar o tipo de señora respectable que tanto me gustaba. E, sen atreverme a dicirlle nada a Tili, deixei o teatro e volvíñ á carreira o curso seguinte. Significa iso que tiña medo á súa opinión? Non teño resposta, en serio. Non o sei.

Quedábanme unicamente tres materias para rematar Tradución, e o meu acosador marchara estudar de Erasmus, segundo me dixeran. Volvíñ ter vinte e moitos anos todos os días da semana. E sentín que a xubilación en modo señora se afastaba e que estaba preparada para seguir coa miña vida.

Deixei de ver a Tili e volvíñ quedar coas amigas de primaria que, mira por onde, nunca me deixaran de lado, se non que fora ao revés. Con todo, non quixen facer o mesmo con Tili, deixala de lado, e a chamaba case cada sábado para falar por teléfono. Ela estaba moi ocupada para quedar, o seu traballo cada vez lle consumía máis tempo, que tiña que estar de garda as fins de semana, que a colleran como avogada de oficio, e eu non insistía. Ela, en cambio, facíame unha pregunta tras outra: *Como vai a túa vida? E o traballo? Sáenche bolos?*

Tili seguía pensando que rematara o curso de interpretación e non lle levei a contra, porque si, tiña medo ao que puidera opinar, porque Tili era visceral e sincera, así que lle dicía que mal, coma sempre. Contrato precario tras contrato precario. Entón saltaron as miñas alarmas, as mesmas que saltaran cando o meu acosador me propuxera ir de fin de semana a unha casa rural do Roncudo, cando Tili, que ía ascendendo no laboral de forma meteórica sen gastar en vicios nin caprichos e, polo tanto, tiña os seus bos aforros, afirmou que estaba disposta a poñerme unha sala de espectáculos. En serio?? Unha sala de espectáculos??!! Deixei de chamala. Conféssoo. Desta vez, moi conscientemente. Tili asustábame, e xa o tiña claro: era abafadora.

Porque si, talvez non me ía xenial no laboral, pero a raíz dunhas xornadas na universidade empecei a traducir contos para un grupo de xente rara que montaran unha revista na escola de idiomas. Atraio frikis como un imán, así que talvez eu tamén sexa unha. E pasábao ben. E xunteime cun círculo de artistas de fábula, unha mestura especialísima que me facía sentir xenial, entre eles Pol. E moceei outra vez. Cinco anos xa diso. Como voa o tempo! Falei, rin e paseei da man os sábados con Pol sen interpretar ser alguén que non era. E logo os domingos. E logo algún día pola semana. E logo...

Pasou o tempo. Pasaron os anos. Tili nunca coñeceu a Pol. Foi moi estraño, porque eu quería presentarllo a todo o mundo, a persoa a quen quería e que me quería, pero dalgún xeito esa presentación resistiuse. Por parte de quen? Non estou segura.

O caso é que a miña vida encarrilara, e contratáranme nunha editora. Pol traballaba de mestre de inglés. Fomos vivir xuntos de forma que semellaba absolutamente natural. Gustábannos as mesmas cousas. Agás o Nadal de Vigo, que só me gustaba a min. Cando quedei embarazada, non a avisei. Sería ridículo avisala se xa non existía máis trato entre as dúas que felicitarnos Nadal e aniversarios con mensaxes curtas.

Pero un día atopei á nai de Tili. Non a coñecía demasiado, pero si abondo para saudala e falar cinco minutos de como che vai a vida. Os meus recién nacidos durmían felices e inconscientes no carro. E eu sabía o que ese encontro significaba.

Tili chamoume. E rifoume, rifoume como se eu fose unha nena que fixese algo que estaba mal, e preguntou polos bebés. Quería traer uns agasallos. Dubidei. Moito. Pero quedamos. Pol estaba presente, por descontado. Os agasallos que trouxo Tili eran fermosos e delicados. Uns portabebés de artesanía trezados con algo semellante ao vimbio. Caros. Inútiles. Pero sabía que eran típicos do país que Tili odiaba. Que Tili amaba. E dinlle as grazas.

— Que bonitos os teus bebés —dixo, admirada.

Sorriu. Pero eu, que estudara interpretación, ben souben que todo era teatro. Logo mirou a Pol. Mirouno. E de súpeto entendino. ENTENDINO. Logo dixo adeus, e non volví a vela.

Aínda nos escribimos mensaxes curtas en Nadal e nos aniversarios, e eu sempre penso que debería chamala. Pero nunca o fago. Porque, en realidade, dubido de se ela o entende. Ou, talvez, teño medo de que si o entenda. E que as miñas etiquetas normativas non abonden para darlle o afecto que en realidade precisa. Non, non son perfecta. E teño medo.

TILI

Tili por aquí, Tili por alá, Tili isto, Tili aquilo, Tili a rara, Tili a reservada, Tili a mandona, Tili a pobriña cuxo pai desapareceu nas poutas dun Estado tirano. Son todas esas Tilis. Pero non son ningunha. Só miña nai sabe quen son e, ata hai pouco, cría que Iria tamén o sabía. Equivoqueime.

As montañas dormen no escuro da noite. Así falaba o gran poeta casaco Abai Qunanbaiuli, e así me sinto eu, unha gran montaña no medio e medio dunha noite escura. Casaquistán. Ese gran país á sombra soviética que a xente só parece lembrar para facer mofa del diante de min. Porque seica alí nacín. Iso di miña nai. Iso di a avoa da que só conservo unha foto en branco e negro na que estamos xuntas. Só lembro dela o cheiro da súa colonia, e a voz porque unha vez ao mes mamá chama alá e falamos. E debe ser o único que lembro do meu país. O meu Casaquistán.

Dóeme moito ter aterrado en Galicia con case sete anos e non lembrar nada daquela outra paisaxe. Nin sequera o cheiro a pólvora, nin o son de cristais rompendo, que é o único que conta miña nai dalí. Que fuximos no medio do caos, cando a gran Rusia rompía en anacos. Do meu país só conservo o pelo louro e os ollos garcios e a lingua afiada. A lingua que me aleita e me arrola e me fai soñar e ter pesadelos. Preguntádelle a miña nai por el. A min non me apetece. Aínda que me doa.

Son unha montaña durmida, grande, abraiante e inexplorada no medio da noite, ou tan só outro dos infindos grans de terra que cobren os seus bosques e camiños? Mamá sempre di que o primeiro, pero eu creo que montaña durmida é ela para min, tan grande, abraiante e inexplorada, aínda que a quero tanto...!

Como non querela? A mamá cruzou soa fronteiras coa nena que fun fuxindo das revoltas e do caos que ameazaban con tomar o país tras a caída do comunismo no mundo e a fin da Guerra Fría. Viñemos a España porque a mamá é experta en letras hispanas, e ama a literatura española, e a literatura en xeral,

que lembro de sempre vela ler ata caerlle as pestanas sobre as páxinas amareladas dos libros que trouxo xunto a min. Ler unha e outra vez. Todos os días do ano. Fose noite ou día. Cando o tempo en que a costura, o traballo que nos da de xantar, o permite.

Hoxe a mamá usa unhas lentes grosas semellantes ás que usaba a cantante grega Nana Mouskouri. Xa ninguén lembra a Nana Mouskouri, agás talvez a mamá e mais eu mesma, pero é que hai alguén que nos lembre nalgures, descontando a avoa, ou hóoboo algunha vez? Por que interesarme daquela por outras persoas se elas non se interesan por nós? Pero Iria era diferente. Iria interesouse.

Lembro que xa a admiraba antes de conseguir quedar a soas con ela, aquel día de choiva. Admirábaa porque era tímida pero non reservada, e porque falaba aínda que tiña medo, porque sentaba cos Manus, que eran os perdedores oficiais da clase, e porque a insultaban chamándoa gorda e a ela non lle importaba, ou non parecía importarlle. E tampouco é certo que estivese gorda. Simplemente non era tan fraca coma o resto. Envexábaa porque non estaba gorda senón que estaba plena aos meus ollos. Preciosa. Belísima. Envexábaa porque a insultaban. A min ninguén me dirixía a palabra. Pero Iria faloume aquel día. Faloume do seu can. Eu daquela odiaba os cans, pero díxenlle que me encantaban, e ao mes seguinte pedinlle a miña nai un cachorro só para ter unha escusa para poder falar con Iria de novo. Ídesme perdoar. Era unha adolescente. Agora si me encantan os cans. Pero como doen cando marchan. Proeume tanto cando aquel cachorro odiado marchou, que non volvín ter can.

O meu can chamábase Están, na memoria dun país que non quixera ficar na miña memoria. E foi unha sorte telo, porque me acompañou practicamente ata que Iria reapareceu na miña vida. Porque falou comigo aquel día, na parada do bus, baixo a choiva, e si, durante o instituto falamos máis de unha vez de mil e unha cousas entre clase e clase. Pero nada máis. Nada máis. Cando marchaba a casa, só me esperaban miña nai e Están. Ás veces só Están, porque miña nai facía horas extra cosendo na fábrica. Pero cando volvía sempre me apertaba, malia que cando es adolescente rexeitas ese tipo de afectos, e lembro que lle dicía “Para xa, mamá, que teño que seguir estudando”.

Contado así, semella que tiña unha vida deprimente, pero nunca precisei unha vida social activa. Nas clases só me sentía ben sacando sobresalientes e polas tardes estudaba e paseaba antes de cear con Están e a miña nai. Polo medio, tiña algunha conversa con Iria e me convidou a algún dos seus aniversarios, seguramente por cortesía, porque as súas outras amigas non me aturaban. Só fun a un. Sinto dicir que me aburrín tanto que ao seguinte mentín para non ir e nunca volveu convidarme.

O aniversario era unha festa onde Iria e as súas amigas xogaban ás cartas comendo comida lixo e escoitando algunha das *boyband* do momento. As cartas dicíanlles con que mozo ían casar e ter fillos. Que tipo de vida buscaban? Non querían independizarse, servir ao seu país que non as rexeitara coma o meu, facer algo de proveito o tempo que o azar tivera a ben deixarnos neste mundo? Non sei, salvar ás mulleres afgás da opresión, por exemplo. Creo que foi aí cando decidín estudar dereito. Por iso, e por rescatar a homes coma o meu pai das poutas dos Estados tiranos.

Eu arfaba co desgusto. Non podía evitar pensar así, e non podía evitar sentirme mal por pensar así, por sentir a responsabilidade nos ombros, como unha montaña que cando espertase debería aturar riba dela o peso do mundo.

Por que non me gustaban os mozos? Cantas veces lle preguntei iso ao coitadiño Están, que non entendía ren pero me lambía coa súa lingua áspera e reparadora. Así que eu ría, pensando que era máis lista ca ninguén, que era unha extraterrestre nun planeta estraño, e que algún día virían rescatarme. E logo estudaba e estudaba e estudaba e xa non tiña que pensar máis.

Por iso conseguín unha nota tan boa en selectividade. E, como pensara, estudei Dereito e ADE. Sen ser pobres, tampouco eramos ricas. Miña nai ben se esforzaba na fábrica, e con iso pagoume un cuarto nunha residencia universitaria, malia que compartido. Alí coñecín a Estela. Estela tiña un mozo ao que chamaban Jim. Aínda que eu era calada, ou precisamente por iso, Jim pasaba moito tempo no noso

cuarto. Mesmo quedaba a durmir. E na residencia empezaron a chamarnos “a Tríade”. Eu, que cría estar por riba de todo, por primeira vez sentíme reconfortada de ser parte de algo. Era unha das patas da Tríade.

Non me gusta entrar en detalles, pero talvez deba facelo para que se entenda. Jim e Estela contaban cousas tan íntimas diante de min, que eu empecei a notar cousas que nunca antes notara. Cousas tan íntimas como as que contaban. Cousas que me alteraban, que facían ferver a pel, que me anoxaban porque non buscara sentilas, e porque pensaba que eu non podía sentilas. Aínda que con Iria, se o penso ben, algunha vez si notara cóxegas no estómago, e probablemente foi o máis preto que sentira a respecto do que sentía agora ao mirar a Estela e ao vela apertarse con Jim.

E cervexa vai e cervexa ven, “por unha máis non pasa nada, Tili”, a Tríade empezou a selo de xeito visceral. Eramos máis que amigos, aínda que eu nunca escoitara falar do poliamor naquel entón. Foron Estela e Jim quen mo explicaron. Eles tampouco viviran nunca nada parecido, pero estaban máis no mundo do que eu estaba e explicáronme que era natural, que na sexualidade hai moitas máis pólas que as que a xente considera normativas. Non quixen dicirlles que se miña nai sabía isto, morrería dun infarto, porque no meu país falar doutras normas sexuais é tabú, e practicalas estaba penado de forma moi grave. Pero aceptei. Estela, Jim e Tili: a Tríade.

E entón Estela quedou preñada. Amaba a Estela. Era tan comprensiva comigo! Tiña tanta paciencia. Queríame tanto. Por iso estou certa de que Estela quedou preñada tamén de min. Odio dicir embarazada, porque iso significaría que foi algo afectivo, pero en realidade foi máis ca iso: foi algo animal. O sexo era demasiado bo e pracenteiro como para acoutalo. Mentres os tres xuntos, na cama, observábamos aquela raia marcándose por duplicado no test farmacéutico, non saín da miña sorpresa. E sorrín. Iamos ser pais. Eu, que só tivera unha amiga especial na miña vida, un can, unha avoa na distancia e a miña nai. E sorrín a Estela e a Jim. Iamos ser pais! Ía ter unha familia...

Pero eles non me vían. Estela miraba a Jim, e Jim miraba a Estela. E entendino. ENTENDINO. A Tríade nunca fora unha palabra propia para nós. Só seis letras baleiras de significado. Eu era unha pata que non precisaban. Baixei da cama, fixen unha maleta, escribín unha carta pedíndolles a Jim e Estela que non me buscasen, que un embarazo non entraba nos meus plans, e volví a casa con mamá e con Están. Aquel último curso só volví á Universidade a facer os exames. Mamá pensara que a presión dos estudos puidera dunha boa vez comigo, e nunca a contradixen.

Aquel verán morreu Están e, como unha milagre, Iria reapareceu na miña vida. A Universidade tamén fóra dura con ela en forma de acosador. Era tan comprensiva e tiña tanta paciencia comigo... Sería entón que...? Deixei-me levar, simplemente. E todo semellaba ir ben. Non sei o que fallou. Pero Iria foise afastando. Pola miña nai souben que o que fallara fora que namorara. E non de min. Que mais daba quen era o tipo? Porque ben lembraba a baralla coa que lían o futuro perfecto, os tipos aos que ela botaba piropos, e todo aquel rolo de muller histérica polos homes.

Así que me centrei na miña carreira profesional, dado que no persoal non semellaba ir a ningures. Que me quedaba a min sen Tríade, sen Están, sen ver a Iria (*Te-Veo*) e sen traballo, que tanto me aportaban? Só mamá. Só mamá e Tili como cando marchamos do noso país. Non volvía ser o mundo un lugar deprimente?

Ata que mamá atopou a Iria. Non quería dicirmo. Iria xa non vivía na vila, senón preto de Vigo, con aquel profesor de inglés. Xemelgos. Iria era nai. E eu imaxineime volvendo a citarme con ela e vendo medrar os seus bebés como non vira medrar o bebé da Tríade. Aínda pensaba se sería un neno ou unha nena. Non pensara na posibilidade de que houbese dous bebés, como lle ocorrera a Iria.

Como non tiña moito en que gastar os cartos, esmereime en mercar agasallos que compracesen a Iria. Quen mellor ca min a coñecería, a min, que a escoitaba de verdade? Sabía que Iria admiraba os obxectos de artesanía, e conseguín tras contactar cunha tenda de Madrid dous portabebés típicos de

Casaquistán. A Iria gustaríanlle, tiñan que gustarlle. E a min gustaríame Jim, perdón, quería dicir... Pol. Porque se chamaba Pol, non? Aquel profesor de inglés. Podía pedirle clases particulares para fortalecer as miñas noicións coa lingua. A Iria gustaríalle. E eu podería sentir calor e frío outra vez, podería ter en que gastar os cartos, podería formar unha familia e deixar de ser montaña durmida, espertar, facerme carne.

E alí estaba eu, o día en que nos citamos, cos meus regalos carísimos sorrindo falsamente, nerviosa de verdade quizais por primeira vez na miña vida. E alí estaban Iria e Pol. Para ela era guapo. Para min tamén o sería. E entón Iria e Pol sorríronse. Sorríronse como se sorrisen Estela e Jim diante do test de embarazo. E entendino. ENTENDINO. E sentín medo. Medo de non ser nunca normal e rir con outras amigas ante os supostamente inocentes xogos de cartas que falaban de familias de nais e pais con fillos. Que era ter unha familia? Era ser normal?

Os meus agasallos tan valiosos, que valían ante aquel sorriso que volvía deixarme fóra de xogo, fóra da normalidade? Fóra do amor sáfico que transcendera a poliamor da man collida de Estela e Jim? Non sempre o amor transcendía a poliamor? Gastara aqueles cartos só para estar con Iria? Só para volver a sentirme parte dun mundo que non me quería en ningures. Non, en ningures non.

Despedinme de Iria. Esta vez para sempre. Non sei se o entendeu. E volvíñ a casa e só precisei dicir “mamá” para que aqueles brazos me apertasen.

MAMÁ

Cando Tili entrou en casa aquela tarde e dixo “mamá”, eu aperteina, aperteina e aperteina. Sabía qué era o que precisaba. Sentir que mamá sempre estaba alí para ela. Sempre estiveren alí. Desde que o seu pai nos ignorou e fuximos e o transformei para Tili nun heroe da liberdade, cando as verdadeiras heroínas eramos nós. Estaba alí cando Tili entrou na escola e conseguín que entendese que tiña que alcanzar gloria nos estudos para maior gloria do pai encarcerado en Casaquistán, cando lle neguei a costura só para que os seus dedos fermosos non se anquilosasen e sufrisen de artrose. Estaba alí cando me pediu un can, porque quería amizar cunha rapaza que se chamaba Iria. Estaba alí para frear aquela amizade con Iria, non fose entorpecer o traballo que me custaba que estivese onde merecía, matrícula de honra en todos os estudos. Ás dez en casa, Tili, que hai que estudar. Polo teu pai morto por un mundo mellor. Pola liberdade do noso país. O noso Casaquistán.

Tili sempre me obedeceu. Creo que tampouco lle custaba obedecer, porque ás veces deixáballe certa corda, ir a un aniversario, por exemplo, e volvía cedo a casa e con cara de desgusto. Imaxino que conseguira que se adaptara tanto á miña rutina que rexeitaba calquera outra. E iso foi así ata a Universidade. Confieime moito.

Tili xa era adulta e seguía sendo a miña casaca responsable e brillante. Pero volveu a casa un día, a piques de rematar a carreira, e semellaba enferma. Ao pouco tempo, recibiu aquela carta. Era unha sorte que sempre me negara a mercarlle un teléfono móbil. Así aqueles camaradas traidores non podían comunicarse con ela directamente. Que o fillo era dos tres, dicían. Que non entenderan que marchase. Que algo de poliamor. Iso non eran os homosexuais? Tili mesturada con eses antinaturais? Tili, cun fillo? A miña Tili? Por camiños antinaturais? Que diría Stalin se o soubese! Que diría Tolstoi! Que diría Garcilaso de la Vega!

“Tili, Tiliña!

A túa carta rompeunos o corazón e rompeunos. Non sabemos que facer. Dis que non queres participar dun embarazo agora, que tes que centrarte na túa carreira e, coma sempre, tes razón. Somos moi novas, de máis para criar un bebé, pero somos tres, eramos tres, máis do que moita xente. Nós máis ca ninguén sabemos que o teu amor era verdadeiro, e ti debes saber que o noso érao. Que che fixo dudar? Sabes que no poliamor hai afecto entre tres, pero momentos de tres, momentos de dous,

momentos de un. Unha relación máis forte porque temos máis pernas e máis brazos e máis corazóns que ninguén. Ou iso pensabamos. Xa non sabemos que pensar. En todo caso, queremos deixarche tempo para pensar a ti. Por favor, responde se queres ser parte da Tríade, se queres ser mamá deste bebé, ou non respondas se prefires centrarte na túa carreira, como dicías, que é o único xeito de facer o mundo mellor. Non é amarse facer o mundo mellor? Responde, responde, Tiliña. Querémoste tanto! Teus, fervorosamente.

Estela, Jim, e unha semente que vai medrar agardándote.”

E aí ENTENDINO. Por iso semellaba enferma. Pero mamá sabía coidala. Mamá coidaría a Tili. Aquela carta desapareceu sen que ela a vise e entre tanto convencina de que estudar nunca defrauda. De que é o camiño que sempre leva a unha meta razoable e segura: o éxito na vida adulta. Un bo traballo. Os cartos para unha mesma. Iso é a liberdade. Tili entendeu. Fixo os exames e sobresaíu neles. Ata que reapareceu Iria na súa vida. Pensei que iso fora unha parvada de adolescente, como cando non quería darme apertas. Pero tranquilizoume que só quedasen os sábados. Que paseasen e falasen. Iso era respectable. Vixieina. A outra rapaza non parecía valorar a amizade coa miña filla. Coa mellor avogada do país. Iso anoxábame, pero por outra banda Tili volveu aos poucos a centrarse no traballo incluso os sábados.

Que distinto podería ser todo. Por que xusto aquel día? Por que? Tili quixo coñecer aos bebés de Iria. Sabía que iso sería o punto e final daquela amizade, así que eu mesma lle fun recoller os agasallos ao almacén de reparto. Tili traballaba duro toda a semana e non tiña tempo para esas cousas. Desexaba que volveuse. Quería darlle aquela aperta que tanto precisaría. Que lle diría “mamá está aquí”. Foi case como pensara. Case.

Tili chegou e apertoume. E entón traguei saliva e díxenlle “Tili, tes visita”. Intentara botalos da casa, pero o rapaz impoñía con aqueles case dous metros de alto. E decidín afrontar o que ocorre. A nena era loura e de ollos azuis. Parecía casaca. E todo o alegre que Tili nunca fora, con todo o que a miña filla vivira. Cando me separei, Tili viunos.

— Tiliña quería coñecerte. Sempre lle falamos de ti, da nosa Tríade.

A miña Tili fregou as coxas confundida e só dixo: “Estela? Jim?”. Logo mirou para aquela nena que debía rondar a idade que tiña a miña Tili cando fuximos a Galicia. E repetiu, sen acabar de crelo: “*Tiliña?*”.

E souben, ao ver unha luz nova nos ollos da miña casaca querida, que cometera o erro máis grande da miña vida cando fixera desaparecer aos ollos de Tili aquela carta. Por fin entendera. Agora si o día chegaba para alumear as montañas e espertalas do seu sono. Así que respirei, collín aire, e díxenlle:

— Tili, hai uns anos chegou unha carta a casa. Esquecín darcha.